



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 4 DE ABRIL DE 2013**

### **LICENZAS**

**LIC/1904/2012.- ANA MARÍA PERNAS VILASUSO.-** Reforzo estrutura e substitución parcial

### **LICENZAS**

**LIC/1571/2012.- MARIA PRECIOSA CALVIÑO GÓMEZ.-** Denegar licenza para execución dunha escaleira exterior nunha vivenda na rúa do Avío de Abaixo, 43.

**LIC/259/2013.- VICTORIA TABOADA MARTÍNEZ.-** Denegar licenza para reforma de edificación destinada a garaxe no lugar de Sanxuas.

**LIC/279/2013.- MARCOS NOUCHE NOYA.-** Conceder licenza para substitución de forxados e cuberta en vivenda unifamiliar no lugar de Pereiras de San Caetano, 12.

**LIC/176/2013.- PEDRO JAVIER FERNÁNDEZ RAÑA.-** Denegar licenza para legalización dunha construción auxiliar, peche de parcela e acondicionamento da edificación sita na rúa dos Pazos, 10.

**LIC/1695/2011.- MARIA VIEIRO SEGADE.-** Modificación da licenza de obras outogada na Xunta de Goberno Local do 11 de outubro de 2012.

### **RECURSOS DE REPOSICIÓN**

**LIC/1147/2011.- JESUS MALLOU NOYA.-** Rexeitar recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno Local do 3 de xaneiro de 2013.

### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**LIC/1893/2012.- CORTICELA, SL.....LIC/1629/2008 ..... 3.000 €**

**LIC/1758/2012.- CAMINO SANTO, SL.....LIC/2015/2006 ..... 2.000 €**

#### **4.- Proposta da concelleira delegada de Turismo, Economía, Comercio, Emprego e Mercados relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Anaco para o desenvolvemento dun proxecto de incorporación laboral.**

A XGL, a proposta da Concelleira de Economía e Emprego e á vista da petición de apoio e colaboración da Asociación Anaco ao Concello, aprobou o convenio de colaboración entre o Concello e esta asociación para a inserción laboral de colectivos desfavorecidos, co que se poderá crear un taller/cooperativa ocupacional.

#### **5.- Proposta da Concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible para dar conta da resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio pola que se outorga un permiso de ocupación temporal, a favor do Concello de Santiago, dunha parcela duns 10.500 m2, situada na zona de Salgueiriños.**

Esta parcela, de titularidade da Comunidade Autónoma, é un área fundamental para a cidade xa que permite aparcar ós autobuses; é unha área de servizo para autocaravanas e un aparcadoiro para particulares. É un elemento importante para a mobilidade na cidade e permite o acceso á mesma sen coche particular xa que dispón nas inmediacións de transporte público.

#### **6.- Proposta da concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao acordo para instar o reintegro da subvención concedida a San Isidro Galicia, S.L.**

A XGL aprobou a proposta da concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible pola que se solicita o reintegro da subvención concedida a San Isidro Galicia, S.L. para a rehabilitación na rúa Conga 9 e rúa Xelmírez 11 por un importe de 316.614 €. En contestación ás alegacións formuladas por San Isidro Galicia, S.L., o Concello contesta que segundo a normativa vixente os obrigados ao reintegro da subvención nos supostos de incumprimento son os beneficiarios das mesmas e que a transmisión do inmovible en cuestión por parte do beneficiario da subvención non exime a esta do seu reintegro. A pretensión do alegante de que o Concello lle reclame ao novo titular do edificio a subvención non procede porque dita

reclamación só se pode dar cando o beneficiario da subvención solicitou autorización á Administración concedente para facer a devandita transmisión, e este non é o caso.

#### **7.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais para dar conta da solicitude de participación do Concello de Santiago-UMAD en tres proxectos das convocatorias 2013 dos Programas Europeos GRUNDTVIG e LEONARDO DA VINCI.**

Dáse conta da solicitude do Concello de Santiago-UMAD para participar en varios Proxectos europeos dentro dos Programas GRUNDTVIG e LEONARDO DA VINCI.

1º-Proxecto *Auto training for former drug users* (autoformación para ex-drogodependentes). Aquí quérese desenvolver un programa de formación para mellorar a cualificación neste sector e mellorar a reinserción na sociedade e no mercado laboral, deseñando en función das necesidades sinaladas polos propios destinatarios. Participan entidades de España, Italia, Bélxica, Bulgaria e Turquía.

2º-Proxecto *Turning point* (punto de inflexión). O proxecto ten a intención de explorar as posibilidades que ofrece a educación de adultos para dar unha segunda oportunidade a traballadoras sexuais inmigrantes.

3º-Proxecto *Training for effective prevention of alcohol problems among adolescents* (formación para a prevención efectiva de problemas co alcohol entre adolescentes). Ten por obxectivo contribuir ao desenvolvemento da formación continua dentro deste campo; fortalecer a dimensión europea da formación continua en accións de saúde pública; interambiar experiencias de traballo.

Duración dos proxectos: 24 meses.

#### **URXENCIAS**

1.- Apróbase o inicio do expediente de contratación do servizo de lacería para os anos 2013 e 2014 por importe de 44.922,06 euros.

2.- Adxudícase o contrato de xesión de expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística á empresa Asesores Locales Consultoría SA por importe de 35.000 euros.

3.- Dáse conta do convenio coa Confraría da Veracruz por importe de 2.500 euros.

4.- Apróbase a modificación puntual da relación de postos de traballo.

5.- Ratifícase o acordo da mesa de negociación sobre a xubilación parcial do persoal laboral do Concello.